

FLORÁN

CampUSC 2020

PARA NIÑOS E NIÑAS DE 4 A 17 AÑOS

ACTUALIZACIÓN DE PROTOCOLOS E MEDIDAS DE PREVENCIÓN

Despois da *Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, unha vez superada a FASE III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e tamén das Recomendacións e medidas para o desenvolvemento das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre adaptadas á situación de Covid-19 publicadas pola Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, a Fundación Universidade de Santiago de Compostela actualiza mediante este documento os protocolos de actuación para preservar a seguridade e a saúde das persoas usuarias e persoal do programa Verán CampUSC.*

Actualización luns 15 de xuño de 2020.

1. Persoa responsable ou coordinadora COVID-19: Director do Verán CampUSC 2020.
2. En espacios pechados débese poñer especial atención ao distanciamento físico de 1,5 metros e, cando non sexa posible, empregar máscara.
3. O uso de guantes non é recomendable de xeito xeneralizado.
4. As actividades deberán realizarse en grupos de ata 15 persoas participantes, máis os monitores correspondentes, que intentarán traballar na medida do posible, sen contacto entre os demais grupos.